

Central de balances trimestral

Segundo trimestre de 2006

COMUNICADO

Novo aumento dos ingresos de explotación

As 193 empresas que nos permiten facer unha comparación homoxénea entre os segundos trimestres do 2005 e 2006 arrojan unha taxa de crecemento dos ingresos de explotación do 13,3%, que aínda que é 5 puntos menor que o trimestre pasado segue presentando unha evolución positiva. No que respecta á evolución interanual dos agregados e manexando información desas 193 empresas podemos concluír que o valor engadido bruto presenta unha taxa de crecemento negativa posto que os consumos de explotación creceron a unha taxa do 20,4%, moi superior á taxa de crecemento dos ingresos de explotación.

Forte descenso do indicador de clima industrial (ICI)

As expectativas empresariais, medidas a través do ICI, caen fortemente tras ter unha subida espectacular o trimestre pasado. Caen as expectativas de produción, da carteira de pedidos e do nivel de existencias para o próximo trimestre.

Evolución do indicador de confianza industrial

PERÍODO	ICI	Nº EMPRESAS
2004		
2º TRIM	14,1	149
3º TRIM	10,6	140
4º TRIM	8,5	144
2005		
1º TRIM	3,4	135
2º TRIM	6,9	126
3º TRIM	0,5	121
4º TRIM	7,8	112
2006		
1º TRIM	13,9	103
2º TRIM	1,2	93

Fonte: IGE. Central de balances trimestral.

Novo crecemento do activo circulante

No apartado de investimento, coa mostra homoxénea entre os primeiros trimestres dos anos 2005 e 2006, atopamos aumentos do 8,7% no activo fixo fronte o 31,2% no activo circulante. O activo total crece polo tanto un 17,3%.

A taxa interanual de crecemento dos recursos alleos aumenta en maior medida que a dos recursos propios

No tocante ao financiamento, a variable de recursos propios que seguía en trimestres pasados unha traxectoria descendente en termos absolutos, presentou no primeiro trimestre de 2006 unha taxa interanual positiva do 10,4% e neste segundo trimestre do ano arroxa unha cifra do 13,4%. O dato negativo é que a taxa interanual dos recursos alleos crece en maior medida, un 18,9% .

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>